



OFRENDADA DA GARDA REAL

Queridos irmáns,

E Na celebración desta Santa Misa na nosa Catedral de Lugo, ofreceremos ao Pai o sacrificio pascual do seu Fillo, de valor infinito, polos defuntos e as intencións da Garda Real, hoxe aquí presente.

Este valor infinito do sacrificio da cruz reflíctese dalgún modo no Evanxeo de hoxe. Xesús ten enfronte o odio dun mundo enteiro, que non o considera cousa propia e rexéitao mesmo violentamente; porque non lle pertence, non se prega ante o seu poder, non xulga segundo os seus criterios ou os seus intereses, que, podendo cambiar segundo os tempos e circunstancias, sempre miran á persoa como realidade manipulable, como un recurso máis, sen respectar a súa dignidade transcendente. Porque para o mundo nada hai que o transcenda, el é o horizonte máximo e o criterio da vida.

Pero o Señor Xesús foi enviado polo Pai eterno e abre o mundo aos seus verdadeiros horizontes, a unha transcendencia radical: cara a Deus, orixe e creador de ceos e terra, e especialmente creador do ser humano, home e muller, destinados a coidar e gobernar a creación, feitos do po da terra pero dotados de alma inmortal, chamados a coñecer a Deus, a ser os seus fillos, a vivir á súa luz e chegar á súa gloria.

Sabemos que o Señor Xesús coñecía e estaba unido ao Pai, non vía a realidade e aos irmáns, aos homes, a outra luz. Non podía nin quería desistir deste Amor, deste designio do Pai Creador. Quería levarnos á Patria celeste, guiar o noso camiño, non deixarnos abandonados indefensos ante as forzas deste mundo.

Para o Señor foi totalmente verdade que isto o demandaba o Pai, a honra do seu nome, e obedeceu; que había unha misión, un deber, e acatouno. Non quixo vivir doutro xeito, o noso ben e a nosa salvación foi a súa paixón eterna. Loitou ata a morte, loitou polos seus, para que non perdésemos a Patria verdadeira. Aceptou a cruz como destino, non negou xamais ao Pai e a súa misión; non cedeu á mentira e a violencia, nunca fraqueou o seu corazón.

O Señor Xesús engrandeceunos para sempre. Esta é a nosa fe. Dios quíxoo e fíxoo. Ensinounos a non vivir escravos deste mundo, a levantar a mirada e saber da nosa dignidade de fillos de Deus. Deunos exemplo e máis aínda, parte no seu xeito de vivir, no seu Espírito, neste Amor do que di a Escritura que é "forte como a morte" (Cant 8,6), que non retrocede nin ante o abismo, que baixou aos infernos e saíu vencedor.

Así o anuncia a súa Pascua e dicímolo no Credo: o Fillo de Deus feito home, Xesús, morreu na cruz por nós e resucitou ao terceiro día.

O Señor resucitou e con el a nosa natureza humana, a nosa fe e a nosa esperanza; o noso corazón venceu todo temor.

Temos a certeza da vitoria. Loitamos neste mundo, sempre, sen remedio, cada un no seu lugar. Pero sabemos xa que a morte non é o final, que nos espera a Patria verdadeira, pola que nos sacrificamos, o Reino da vida e da paz en que morar con todos os que amamos, con grandes e pequenos, con todo o bo, o digno, o honroso deste mundo; libres xa de lamentos, tribulacións, sufrimentos.

É a Patria conquistada para todos nós polo Señor Xesús ao caro prezo do seu Sangue; na que nos acollerá El, que non despreza a quen o invoca, como nós facemos agora: segundo as intencións da Garda real e a favor das nosas familias, dos nosos pobos e cidades, de España e do Rei.

Que a Santísima Virxe María, Raíña de ceos e terra, a nosa Señora dos Ollos Grandes, interceda por todos nós e sexa o noso amparo, agora e na hora da nosa morte. Amén.

+ Alfonso,
Bispo de Lugo